

Ramón Mariño Paz (1997): «A ortografía dos textos do galego medio (séculos XVI-XIX)», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, pp. 109-132.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

A ORTOGRAFÍA DOS TEXTOS DO GALEGO MEDIO (SÉCULOS XVI-XIX)

RAMÓN MARIÑO PAZ

(*Instituto da Lingua Galega /
Universidade de Santiago de Compostela*)

1. A HISTORIA DO GALEGO ESCRITO

Actualmente está en curso de execución dentro do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela un proxecto de investigación sobre a *Historia do galego escrito* do que me encargo como investigador principal. Con este traballo pretendemos estudar o proceso de formación e consolidación dun modelo de lingua escrita culta galega desde o século XVI ata os nosos días analizando tódalas súas implicacións lingüísticas e extralingüísticas; queremos, dito doutro xeito, estudar-lo que foi a elaboración espontánea do *standard* galego durante a época moderna e, así mesmo, nunha fase máis adiantada do traballo, o proceso de elaboración planificada que se pon en marcha durante as últimas décadas do século XX. Intentamos así facer unha aportación máis á futura Historia da Lingua Galega.

Na prosecución deste obxectivo un grupo de membros do Instituto da Lingua Galega vimos realizando desde 1991 catro distintos tipos de actividades:

1) Busca, informatización e lematización das obras que se van someter á análise. O proceso de informatización leva aparelada necesariamente a realización das correspondentes edicións críticas. As lematizacións, pola súa banda, efectúanse a partir de concordancias previas.

2) Realización de estudos parciais centrados en diversos períodos de tempo delimitados con criterios que a falta de espazo me impide discutir aquí. Actualmente estamos ocupándonos do período que eu denomino «do galego medio» e que, salvando certas distancias, vén a coincidir co que tradicionalmente se coñece co nome de «séculos escuros».

- 3) Realización de estudos tendentes a establece-lo marco teórico do traballo.
- 4) Realización de sínteses globalizadoras e sintetizadoras.

O presente artigo é unha mostra parcial do devandito proxecto de investigación: parcial, en primeiro lugar, porque aporta información sobre un período de tempo limitado (o do galego medio) e parcial, ademais, porque se centra en cuestións ortográficas e deixa de lado a análise fonética, gramatical e lexical dos textos seleccionados.

2. DESCRICIÓN MÍNIMA DO CORPUS ANALIZADO

A presente exposición está feita a partir da análise de textos escritos, manuscritos ou impresos, dos séculos XVI, XVII e XVIII. Aínda que considero que o período que chamo do *galego medio* non debe darse por concluído ata aproximadamente 1840, prescindo na seguinte exposición do estudio dos textos das primeiras décadas do século XIX, pois de non o facer non podería cinxirme a uns límites razoables para este traballo. Son consciente de que a recolleita de textos que fixen non é aínda exhaustiva, pero quixen valerme unicamente daqueles textos para os cales contase na actualidade con edicións fiables. Prescindo de propósito da análise ortográfica do galego dos vilancicos, entremeses, farsas e bailes manuscritos ou impresos en Castela e Portugal durante esta época. Como di Pensado (1989: 185), o idioma que neles se emprega é un «*galego de industria*», unha caricatura da lingua producida «fóra do seu medio natural, isto é, de Galicia». Esta circunstancia aconselloume non os ter en conta nin sequera para a análise do nivel lingüístico máis elemental, o ortográfico, pois creo que as ditas obras foron realmente escritas sen a máis mínima intención de aportaren algo á tarefa da elaboración espontánea do *standard* escrito e do discurso literario da Galicia moderna. En todo caso, o seu estudio non é para este traballo, senón para unha investigación con obxectivos distintos dos da miña.

É obvio que este estudio non se pode levantar sobre bases inseguras, polo cal se fai imprescindible clarificar ata onde sexa posible cales son as características dos documentos que imos someter á análise. Haberá que ver se están manuscritos (e incluso inéditos) ou impresos; se foron editados haberá que ter en conta as discordancias existentes entre as diversas edicións, se é que estas existiron; se están manuscritos haberá que establecer se existe unha única copia ou varias e, ademais, se esa copia ou copias son da responsabilidade do propio autor ou dun mero copista; ademais, no caso de textos impresos non se debe esquecer que para chegaren á súa forma definitiva tiveron que pasar por unha peneira da que se viron libres os manuscritos: refírome á posible acción correctora ou uniformiza-

dora de editores e impresores; etc. Todas estas precisións son imprescindibles se o estudio se quere levantar sobre bases sólidas. De non procedermos así chegaríamos con certeza a conclusións erróneas.

Como non dispoño de espazo abondo para facer unha descrición pormenorizada e individualizada das características de cada texto, vou facer unha presentación conxunta e necesariamente sintética.

Os documentos manuscritos que utilizo para a análise son en primeiro lugar as cartas ó conde de Gondomar (sécs. XVI-XVII)¹, as décimas ó Apóstolo Santiago de Martín Torrado (ca. 1622-1630)², a copia seiscentista da *Historia de Santa María de Iria* (ca. 1622-1630) que custodia a Biblioteca Vaticana de Roma³, o *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (copia de 1671)⁴, unha parte mínima dos poemas do cura de Fruíme (séc. XVIII)⁵ e o *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* do Padre Martín Sarmiento (mediados do séc. XVIII)⁶. En todos estes casos valínme de lecturas e edicións críticas feitas por min mesmo.

Son autógrafas as cartas a Gondomar e maila copia da *Historia de Iria*, esta última inédita polo de agora. As décimas de Martín Torrado, escritas entre 1622 e 1630, coñecemos a través dunha copia efectuada a finais do século XVII ou principios do XVIII, pero en todo caso despois de 1678. Polo seu volume e polo feito de iren seguidas dun comentario ou glosario do propio autor, son de destaca-las coplas do *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* do Padre Sarmiento, das que temos varias edicións modernas feitas a partir de copias diversas do século XVIII, pero non a partir do autógrafo ou autógrafos, ata o de agora descoñecidos. Da copia seiscentista da *Historia de Iria* salientarei que se trata dunha traslación dun texto escrito uns douscentos anos antes, polo que a súa lingua fluctúa entre o respecto ó modelo tardomedieval do orixinal e a inevitable tendencia á modernización e

1 Custódiase na Biblioteca de Palacio de Madrid. Véxanse as transcripcións de Tobío (1973 e 1977).

2 A copia máis pura destes versos é a que aparece nunha das follas finais dun exemplar de Gándara (s.a./1678) que se conserva actualmente na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela coa signatura RSE 1093.

3 Este texto, que forma parte da Colección Barberini da Biblioteca Apostólica Vaticana (Barb. lat. 3578), permanece aínda inédito.

4 Existen varias edicións deste *Entremés*, pero ningunha ofrece garantías para o estudio lingüístico. O manuscrito, que parece ser unha copia do orixinal datada en 1671, é o 16.717 da Biblioteca Nacional de Madrid.

5 Trátase das poesías tituladas «A Cabaza», «Décima Gallega» e «Otra en Gallego», todas elas incluídas entre os Papeis Cabeza de León do Museo de Pontevedra (Rexistro 1315).

6 Existen ata o día de hoxe diversas edicións deste *Coloquio*, pero é de lei salientala do profesor J. L. Pensado (Sarmiento 1970). Así e todo, os meus datos proceden da miña propia edición crítica, realizada, coma a de Pensado, a partir principalmente do manuscrito 20378 da Biblioteca Nacional de Madrid, pero completada con outras aportacións, especialmente as provenientes do manuscrito que leva o número de rexistro 7.638 no Museo de Pontevedra.

actualización. Por último, tamén se debe ter en conta o carácter privado da correspondencia en galego remitida ó conde de Gondomar, pois é evidente que, cando sabemos que o que escribimos non vai ter trascendencia pública, todos redactamos de maneira distinta a como o facemos cando pensamos entregar ó prelo o noso escrito.

Tamén utilizo a información e mailos datos que puiden extraer das obras lexicográficas de Sarmiento, Sobreira, Cornide e Payzal, todas elas do século XVIII ou, como moito, dos principios do XIX. Téñase en conta que nestes casos non estamos realmente ante textos compostos en galego, senón ante a transcripción de voces galegas glosadas en castelán ou introducidas nun texto redactado en castelán. No seu momento estas obras lexicográficas permaneceron inéditas⁷.

Chegaron no seu momento a ser textos impresos o poema de Isabel de Castro e Andrade a Alonso de Ercilla (1589)⁸, os sonetos de Vázquez de Neira e Gómez Tonel co gallo das exequias da raíña Margarita de Austria (1612)⁹, a *Relazón de carta executoria* (copia de 1674)¹⁰, os romances galegos das Festas Minervais compostelás de 1697¹¹, o poema de Noguerol e Camba (1708)¹², as glosas dos irmáns Plácido e Anselmo Feijoo (1722)¹³, case tódolos versos de don Diego Cernadas e Castro, cura de Fruíme, do século XVIII (Cernadas 1768), e a *Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores* (copias do séc. XVIII)¹⁴. Aquí impóñense varias observacións:

1) O soneto de Isabel de Castro está realmente escrito en portugués, non en galego. Quede polo de agora este dato simplemente apuntado. Máis adiante volverei sobre el con certas consideracións.

2) A *Relazón da carta executoria* é unha narración que se remonta ós inicios do século XVI, se ben a coñecemos por medio dunha transcripción aparecida nun memorial publicado na cidade de Granada en 1674. Certamente é o transcriptor,

⁷ As de Sarmiento e Sobreira coñecémolas a través das edicións de Pensado: Sarmiento (1970), Sarmiento (1973), Sobreira (1974a), Sobreira (1974b) e Sobreira (1979). Para a de Cornide contamos coa edición de Martínez (1956). O vocabulario de Benito Vicente Payzal, composto entre o XVIII e o XIX, coñecémolo agora a través da edición de Ferreiro (1994).

⁸ O soneto aparece en Ercilla (1589). Pódese consulta-lo orixinal na Biblioteca Nacional de Madrid (signatura Ri 59).

⁹ Pódense ler na seguinte edición facsimilar: Gómez (1951).

¹⁰ Orixinalmente o texto debeuse de escribir arredor de 1515, pero apareceu transcrito nun memorial publicado en Granada despois de máis de século e medio: Saavedra (1674, 137-138).

¹¹ Pódense ler na edición facsimilar recentemente publicada pola Universidade de Santiago de Compostela: *Fiestas Minervales*, 1993.

¹² Cf. *Clarín*, 1708.

¹³ Cf. *Sagradas Flores*, 134-135.

¹⁴ Cf. Huerta (1734-1735, 342-343) e tamén Rioboo (1747). Véxase tamén a edición de Monteagudo (no prelo).

Fernando de Saavedra Rivadeneyra y Aguiar Pardo de Figueroa, quen debe de se-lo responsable das hipercorreccións que caracterizan o texto e, en xeral, do aspecto espurio da lingua nel empregada.

3) A *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores* escribiuse como limiar dun *Libro da Confraría de Cambeadores de Santiago* e narra unha versión do descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago que en xeral respecta a tradición representada pola *Crónica de Santa María de Iria*. Conservámola a través da transcripción que publicou Francisco Xavier de la Huerta y Vega nos seus *Anales de el Reyno de Galicia* (ca. 1734-1736). Antonio Rioboo y Seixas Villar de Francos, outro cronista setecentista, divulgou en 1747 outra transcripción súa de certos fragmentos da *Memoria*. Segundo Henrique Monteagudo, Huerta debeu de empregar-la redacción da *Memoria* de 1624, pero non descarta que traballase con outra copia posterior. En troques, non hai dúbida de que Rioboo e Seixas manexou a copia de 1624. Tanto Huerta coma Rioboo estaban convencidos de que a *Memoria* era un texto auténtico redactado nunha época remota e non chegaron a sospeitar que se puidese tratar dunha das tantas invencións que a miúdo aparecen nos falsos cronicóns da Idade Moderna. Henrique Monteagudo, apoiándose en diversos argumentos —entre eles, os propiamente lingüísticos—, considera que debemos de estar ante unha falsificación feita en Santiago no ano 1624 por Pedro de Aroza y España. A edición do texto que utilicei débese ó propio Henrique Monteagudo, que reproduce a transcripción de Huerta y Vega e escribe entre corchetes as partes que tamén ofrece Rioboo.

A *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores* é o único texto orixinalmente impreso para o cal non partín das miñas propias lecturas. En tódolos restantes casos procedín previamente a facer cadansúa edición crítica.

3. ESTUDIO ORTOGRÁFICO

Non é posible aquí, por causa das limitacións espaciais, facer unha análise exhaustiva da ortografía dos textos escolmados. É por iso polo que seleccionei para o estudo soamente sete cuestións, as seguintes: acentuación, uso de B e V ou U, representación das consoantes palatais nasal e lateral, representación da consoante fricativa predorsal ou apical en posición intervocálica, representación da consoante fricativa prepalatal xorda, representación da consoante nasal velar en posición explosiva medial intervocálica e representación do encontro da preposición A co artigo determinado O(S).

3.1. ACENTUACIÓN

No tocante á acentuación o que a meu entender máis pode interesar ó investigador é o feito de que no século XVIII tanto o Padre Sarmiento coma o Padre Sobreira, pensando na conveniencia de marcar na escrita a oposición de timbre entre vocais de abertura media, ideasen diversos sistemas para o facer. É clara a este respecto a convicción de Sarmiento, quen no *Problema Corográfico para describir a Galicia* recomendaba a quen se encargase de realiza-lo estudio da toponimia, a historia natural e a lingua de Galicia que escribise «en gallego todos los nombres según se pronuncian, añadiendo siempre el acento correspondiente, y distinguiendo con alguna señalita la O y la E cuando son abiertas o cerradas» (véxase Pensado 1973, 44). No momento de se poñer a redacta-lo comentario ou glosario do seu *Coloquio de vinteatro galegos rústicos* as «señalitas» que el decidiu utilizar foron os tiles circunflexo e agudo; e, así, dispoñía o seguinte (Sarmiento 1970: 160):

ô, con boca casi cerrada;
 ó, con boca muy abierta;
 ê, con boca casi cerrada;
 é, con boca muy abierta

Consonte con isto advertía que os substantivos *bola* ('de pan') e *polbo* (< POLYPUS) se debían escribir con acento circunflexo: *bôla* (Sarmiento 1970: 350)¹⁵, *pôlvo* (Sarmiento 1970: 452). Parece fóra de dúbida que ó decidir sinalar con acento agudo o timbre aberto e con til circunflexo o timbre pechado Sarmiento estaba pensando en aplicarlle ó galego o sistema de acentuación portugués, sistema que el, como bo lector de Duarte Nunes de Leão ou de Rafael Bluteau, debía de coñecer ben. Mais o certo é que nas coplas do *Coloquio de vinteatro galegos rústicos* se detectan certas representacións gráficas incongruentes coa dita proposta; penso, por exemplo, en *ê* (495.3, 618.3, 1000.4), *pê* (1015.3) e *pês* (252.4), 'extremidade(s) inferior(es) do corpo humano', *ô* 'a + o' (46.3) e o adverbio *sô* (676.3, 711.1). Así e todo, non é seguro que estas incongruencias haxa que imputarllas sen discusión ó Padre Sarmiento, pois poden ser da responsabilidade dos autores das copias a través das cales coñecemos hoxe as súas coplas.

Outras pasaxes da súa obra revelan que Frei Martín pensou noutras maneiras distintas de marcar esta oposición de timbre: poñendo acento agudo nas

¹⁵ De acordo con esta norma, haberá que concluír que o bieito non documenta metafonía no substantivo *bola* (de pan), con /o/ pechado. Téñase en conta que este substantivo se mantén no galego de hoxe sempre con vocal pechada. O perigo de colisión con *bôla* 'pelota', con vocal tónica aberta, é seguramente o responsable deste comportamento.

vocais abertas e nada nas pechadas, reforzando con *-m* a sinalización do timbre das vocais pechadas trabadas por nasal (*sêm, nêm*), etc. Pero, máis alá do sistema ideado para facelo, o que semella permanecer constante na obra deste sabio galego do século XVIII é a súa convicción de que ó galego, polas características do seu subsistema vocálico, lle cómpre un recurso ortográfico coma este.

O Padre Sobreira debeu de tomar de Martín Sarmiento a consciencia desta necesidade, pois na súa *Idea de un diccionario de la lengua gallega* recomendaba marca-las vocais fechadas con acento grave e as abertas co agudo (Sobreira 1974b: 210). Mais tampouco Frei Juan chegou a verse libre de incoherencias entre o que propoñía e o que realmente fixo na súa obra.

3.2. USO DE B E V OU U

Desaparecida a antiga oposición fonolóxica subxacente, nos textos dos séculos XVI, XVII e XVIII son constantes as confusións de *b*, *v* e *u* e, desde logo, non é este lugar apropiado para unha relación exhaustiva delas. Si direi, pois paréceme relevante, que o Padre Sarmiento era partidario de adoptar neste caso, coma noutros, unha solución etimolóxica, de maneira que cada palabra levase en si mesma a marca da súa orixe latina¹⁶. Mais tampouco neste punto da súa ortografía galega se deu librado o bieito de certas incoherencias (grafías antietimolóxicas) que se lle poden atopar no *Coloquio: herua, volbian, saver, berzas, boan*, etc. Ora ben, cómpre advertir que nesta cuestión son abundantes as discordancias entre os diversos manuscritos cotexados, polo que é posible que os responsables das ditas incongruencias sexan, polo menos en parte, os amanuenses.

3.3. REPRESENTACIÓN DAS CONSOANTES PALATAIS NASAL E LATERAL

Quitando excepcións esporádicas que nesta somera revisión non vou consignar, nos textos do galego medio analizados consolídase o uso das grafías *ñ* e *ll*, deixando xa de lado a vella concorrencia con outras formas como *li*, *l*, *nn*, *ni*, *n*, etc. E é de novo Sarmiento, bo coñecedor do idioma portugués e lector de Duarte Nunes de Leão, Bento Pereira ou Rafael Bluteau, quen volve a significarse coa súa iniciativa de emprega-lo dígrafo *lh* en formas das primeiras 30 coplas do

¹⁶ Véxanse, por exemplo, os seus comentarios acerca da maneira correcta de escribir *devanar* e *ovillo* (Sarmiento 1970, 332, 333).

seu *Coloquio (ilhas, olhos, velhas, velhos, coelhos)*¹⁷ para logo utilizar definitivamente *ll* ata a 1201. En troques, nunca emprega *nh*.

No *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* é curioso observar como nos paramentos en galego se empregan exclusivamente *ñ* e *ll*, mentres que nos que intencionalmente van escritos en portugués se emprega practicamente sempre *nh* (con algún ocasional *ñ*), pero nunca *lh*. En calquera caso, máis alá da incoherencia e o descoído que isto representa, resulta evidente que para o responsable da copia de 1671, e tal vez tamén para o autor do entremés (sé é que non foron a mesma persoa), estaba claro que o emprego destes dígrafos de orixe occitana dificultaría ou mesmo impediría que un determinado texto se identificase como galego.

Na *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores* predominan con claridade as grafías *ñ* e *ll*, pero esporadicamente vemos *nh*, *lh* e mesmo *ñy* (*España*). Sen embargo, como indica Henrique Monteagudo, máis có portugués parece inspirar estes usos gráficos o propio modelo do *Libro da Confraría de Cambeadores de Santiago* ou *Liuro do Çirial de ssante Ilafonso*, no que, contra o que é habitual nos textos galegos medievais, se utilizan os dígrafos de orixe provenzal (véxanse Monteagudo [no prelo] e López 1916).

Por outra banda, outro intelectual galego do século XVIII, don José Cornide, empregou moi esporadicamente o dígrafo *nh* nos seus versos, pero nunca usou *lh*. Debo advertir que aínda non puideron ler persoalmente estes manuscritos de Cornide¹⁸ pero, en todo caso, coido que, coas debidas reservas, podemos ter en conta o dato e darlle creto ó editor dos poemas de don Xosé. E é que esta información hai que a sumar ó feito de que no *Catálogo de palabras gallegas* do propio Cornide, onde son mencionados o Padre Bluteau e Bento Pereira, aparezan outros trazos gráficos portuguesizantes, como é o caso do emprego de *-m* nas entradas *budiom*, *cachom* e *belangim* (véxase Martínez 1956). Dá a impresión de que para intelectuais dezaoitescos coma Sarmiento e Cornide o idioma portugués xa funcionaba como unha das referencias que cumpría ter presentes para o establecemento dunha norma escrita galega.

3.4. REPRESENTACIÓN DA CONSOANTE FRICATIVA PREDORSAL OU APICAL EN POSICIÓN INTERVOCÁLICA

A desaparición do fonema fricativo apicoalveolar sonoro era xa moi antiga e sen dúbida estaba practicamente consumada no galego común antes de remata-

¹⁷ Estas formas aparecen no manuscrito da Biblioteca Nacional de Madrid. Os outros dous que coñezo en xeral presentan *ll* nos cinco casos mencionados.

¹⁸ Vállome da edición xa antiga ofrecida por Murguía (1910).

-la Idade Media. Algo moi semellante habería que dicir da consoante fricativa predorsal sonora que procedía da perda do momento oclusivo da antiga africana dorsodental sonora. Por iso non estraña que entre os séculos XVI e XVIII sexan bastantes os textos en que se abandona case por completo a grafía *-ss-* en posición intervocálica, como xa se facía nalgúns textos galegos de finais do período medieval. Os que ocasionalmente intentaron distinguir *-s-* e *-ss-* fixérono seguramente porque se inseriron acriticamente na tradición ortográfica que lles viña de atrás e que daquela arrastraba tamén o castelán anque, coma o galego, tampouco a necesitase xa; mais boa parte deles non se deu librado nin das incorreccións nin das incongruencias. E o caso dos autores das cartas ó conde de Gondomar, de principios do século XVII, onde se detectan toda unha serie de erros, é dicir, de grafías sen ningunha base histórica ou etimolóxica: *cassa*, *coussa*, *noso*, *perdoase*, *fixese*, etc. Ocorre o mesmo na copia seiscentista da *Historia de Iria*, onde o modelo ofrecido polo orixinal sen dúbida propiciou que o copista tentase manter este recurso ortográfico a custa de erros e contradicións constantes: *encomendasen*, *esperecesen*, *viesen*, *achasen*, *fose e fosse*, *espeso*, *vosa*, *posa*, *cassa*, *assi* e *asi*, *missa* e *misa*, etc. No *Entremés* temos, por exemplo, *posa*. E na recta final do seiscentos en case tódolos romances das *Festas Minervais* se len formas coma *noso(s)* ou *vosos(s)*.

Xa noutros traballos me referín ó feito de que Sarmiento observa nunha ocasión, en todo caso non despois de 1755, que na fala galega do seu tempo, no galego común, xa non se distinguía unha fricativa apical ou predorsal xorda dunha fricativa apical ou predorsal sonora, polo que só mediante o estudio podería chegar a domina-la oposición gráfica *-s-* / *-ss-* fundamentándoa en criterios etimolóxicos:

Jamás he visto escrita la voz *besadoiro* y el verbo *besar* en esta significación, y así no sé su ortografía si ha de ser *besar* o *vesar* y si *besar* o *bessar* con dos ss. Sólo vi la cosa y oí los nombres, pero nunca los he leído (véxase Sarmiento 1973, 101)¹⁹.

Interesa aquí sinalar que, se ben é certo que desta observación de 1755 ou anterior a 1755 se pode deducir que Frei Martín era daquela partidario de manter en galego a oposición gráfica *-ss-* / *-s-*, tamén o é que en dúas das copias do *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* que consultei prescindíuse sempre do *-ss-*, grafía que só aparece moi esporadicamente no heterógrafo da Biblioteca Nacional de Madrid. Así as cousas, impóñense neste punto as seguintes dúas observacións:

1) En 1763 a RAE decidiu suprimi-la oposición entre *-ss-* e *-s-*. As copias das coplas de Sarmiento que coñecemos son todas posteriores ó dito ano de 1763.

¹⁹ Estas palabras de Sarmiento pertencen á *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*, rematada en 1755.

Por tanto, é probable que os amanuenses non fixesen máis que adecuarse á nova norma establecida pola institución académica para o castelán, se ben, como acabo de sinalar, o autor da copia que custodia a Biblioteca Nacional de Madrid aínda deixou pasar algunhas voces con *-ss-*.

2) Frei Martín comezou a redacción do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* en 1746 e sabemos que en 1747 xa tiña escritas as mil duascenas e unha coplas, se ben traballou no comento ou glosario ata pouco antes da súa morte en 1772²⁰. Por tanto, a norma da RAE de 1763 apareceu nun momento en que a composición das coplas estaba xa rematada, pero é obvio que houbo tempo abondo para as correccións. De certo, esta é outra das circunstancias que cómpre ter presentes á hora de explicar por que na copia da Biblioteca Nacional atopamos, xunto a unha tendencia xeral ó abandono do *-ss-*, algúns casos esporádicos de mantemento: pode que non todos eles deban ser imputados á acción do amanuense.

Pois ben, nesta copia madrileña do *Coloquio* atestamos *Tesso, usso, pesso, Santissimo, travesso, fosse, nosso, nojõsso, ossos, ouvesse, confesso, divessos*; como pode verse, nos poucos casos en que esta grafía se utilizou fíxose en xeral con bastante acerto, pero non sen erros. Mais non faltan neste manuscrito as contradicións internas, como, por exemplo, a que supón, fronte ó *nosso* anteriormente citado, o habitual *noso*.

3.5. REPRESENTACIÓN DA CONSOANTE FRICATIVA PREPALATAL XORDA

Aínda que a consoante fricativa prepalatal sonora tamén se vira afectada desde antigo polo proceso de desonorización, ata o século XVIII tódolos escritores analizados intentaron en xeral mante-la distinción gráfica de *g, j* e *x*, se ben semellan bastante desorientados. Como nesta época do galego medio esa distinción xa non podía basearse nunha oposición fonolóxica que a lingua común eliminara, debemos preguntarnos que outros criterios puideron adoptar estes autores para practicaren esta oposición gráfica. Os máis eruditos estarían en disposición de apelaren á etimoloxía, ó modelo do portugués ou tal vez ó uso observado en vellos pergamiños e papeis en galego que quizais aínda algúns conservarían nas súas casas. Contra todos ou contra algún destes tres posibles criterios alzaríanse formas coma as seguintes: *corexidior, deija* e *beyxo*, nas cartas ó conde de Gondomar; *baijos*, no soneto de Vázquez de Neira; *queija* e *deija*, nas décimas ó Apóstolo Santiago de Martín Torrado; *Conxo* (< CANOGIU), *prixon* (< PREHENSIONE), *jenerosidades, jenrro, jeneraçon, jente* fronte a *gente, dixo* pero *maldijo*, etc., na copia seiscentista da *Historia de Iria*; *debaijo, deijemola, enbaijada, fojen, jente* e *seijoadas* (de *seixo* < SAXU) no *Entremés famoso*; *Colejos* e *Colexos, debayjo, jastres, xamais, Xesus* ou *Xose* en diversos romances das *Festas Minervais*; *fayja, dijen*, no poema galego de Plácido Feijoo; *abaijo* e *debaijo* fronte a *debayxo* na *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores*; *ameixa* 'molusco bivalvo', *leijar* e *cereixa* fronte a *cerejeira* no *Catálogo de Cornide*. Formas coma *abaijo, baijos, debaijo, deija, deijemola, enbaijada, maldijo, queija* ou *dijen* poderíanse deber a un intento de segui-lo modelo do castelán, pero non podo probalo. Ademais, cómpre non esquecer que daquela o único idioma oficial do momento tamén usaba o *x* para representa-la fricativa velar xorda²¹, polo que formas como *deixa, baixos, queixa, deixa* ou *dixen* tamén poderían estar inspiradas no seu modelo.

No século XVIII, o cura de Fruíme emprega xa unicamente a grafía *x*. Salvo no caso de *alforja*, sucede o mesmo no vocabulario de Payzal.

O Padre Sarmiento decaatábase da inexistencia en galego da oposición fonolóxica entre fricativa prepalatal xorda e fricativa prepalatal sonora, pero era partidario de mante-la distinción gráfica baseándoa en criterios etimolóxicos²². Con todo, quizais non sempre foi capaz de se axustar á norma na que el cría, pois aparecen bastantes incorreccións no galego das copias do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* que consultei: *ameixas, beixos, Thereixa, feixons, ygrexas, queixo* (alimento lácteo), *laranxa*, etc. Tamén trataron de practica-la distinción Sobreira e Cornide, mais coa mesma desorientación que evidenciaron os seus predecesores: nos seus escritos atopará o lector formas coma *sexa, hoxe, béixame, feije* e *deije*. Había xa moito tempo que a oposición de sonoridade entre as fricativas prepalatais estaba liquidada no galego común.

Un problema particular presentábanos certos temas de pretérito de determinados verbos irregulares que, ó desenvolveren unha consoante fricativa prepalatal, constituían unha innovación exclusiva do galego e imposibilitaban a adopción de modelos. Refírome ós temas de pretérito de *dicir, facer, poñer* e *querer*. Nestes casos nin o castelán, nin o portugués, nin o latín podían actuar como referencias. Eran os escritores galegos, pois, quen debían toma-la iniciativa. Pois ben, neste punto obsérvase, por unha banda, unha maioría relativamente clara a favor da representación con *x* e, por outra, un apreciable grao de coherencia interna dentro de cada texto. Así, entre as cartas de Gondomar detecto *fijera* nunha delas, pero *fixese* e *quixesen* noutras dúas. Dos romances das *Festas Minervais* podemos dicir que o seu editor non exerceu ningunha acción unificadora a este respecto;

²¹ A RAE non proscribiu este uso ata 1815.

²² A este respecto véxase o que di verbo da maneira correcta de escribir *axina, ameixa* e *xeito* en Sarmiento (1970, 167, 217 e 421-422).

²⁰ Para a cronoloxía deste texto véxase Pensado (1970, 10-14).

presentan constantemente o grafema *j* o de Juan del Río y Otero (*fijo, pujo*) e mailo de Pardiñas Villardefrancos (*dijeron, dijera, quijera*); teñen sempre *x* os de Gil Taboada (*dixo*) e o de Guerrero Lasso de la Vega (*fixo, quixera*); e fan alterna-la grafía propia das prepalatais xordas coas características das sonoras Francisco Antonio del Vallé (*figera, quixer*) e Bernardo Vallo de Porras (*dixen, fijo, pujo*). Na glosa de Plácido Feijoo lemos *dijen* e *fijeron*, pero tamén *dixer*; o cura de Fruíme, como xa se dixo, só emprega *x* (*fixo, quixera*); no *Entremés famoso* temos *fijemos* e na *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores, quijeron*. Por contra, o autor da copia seiscentista da *Historia de Iria* decantouse clarisimamente a prol da grafía moderna (*x*) e só lle encontro a excepción de *maldijoos*. Canto ás coplas do Padre Sarmiento, o manuscrito da Biblioteca Nacional de Madrid presenta sempre *x* nestes temas de pretérito, mentres que o do Museo de Pontevedra ten moi a miúdo *j* ou *g*, aínda que non sistematicamente.

En resume, podemos afirmar que ó principia-lo século XIX había xa moito tempo que desapareceran no galego común as sibilantes sonoras, se ben algúns autores cultos, como Sarmiento, Sobreira e Cornide, intentaron, non sen erros e contradicións internas, manter certas oposicións ortográficas carentes xa daquela de apoio fonolóxico.

3.6. REPRESENTACIÓN DA CONSOANTE NASAL VELAR

Deixarei a un lado, por ser innecesaria aquí, a discusión sobre cando e en que contextos e condicións apareceu a consoante nasal velar en galego e abrirei esta subsección cunha nova cita do inevitable Padre Sarmiento:

La voz *hum-a* pide atención. Había de ser una en castellano, pero los gallegos huimos de pronunciar la N entre vocales, ni con la antecedente, ni con la subsiguiente. No podemos decir *u-na*, como el castellano, ni *un-a*, por la aspereza de quedar con la boca abierta para la N, y volverla a abrir para la A. Así convertimos la N en M para cerrar la boca y abrirla para la A, por lo que se había de escribir *um-a*, y pronunciar no *u-ma* sino *um-a*.

«En los instrumentos se halla escrito, y bien, *hum-ha*, aspirando las dos vocales casi como *gum-ga*, pero no con G sino con H muy suave» (Sarmiento 1970: 165).

Non creo que nestas palabras de Sarmiento haxa que ver un intento de describir esta nasal intervocálica como unha nasal bilabial. Coido que o recurso ó *m* («convertimos la N en M para cerrar la boca y abrirla para la A») debe entender-

se como un intento de describir, e reflectir na escrita, o redondeamento que adoptan os labios nesta posición tan cerrada que adopta a cavidade bucal ó pronuncia-lo /u/ que precede á nasal velar²³. Xunto coas posibles razóns apuntadas por Pensado (1970: 46-47) («ya el recuerdo de la ortografía portuguesa, ya el de la de los instrumentos medievales gallegos»), creo que o seu emprego de grafías con *-m-* para representa-la nasal velar en posición medial de palabra explica perfectamente a frecuencia coa que Sarmiento, no seu *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, escribe tamén *-m* en posición implosiva, anque alternando de continuo con *-n-*: *mimgalla, mingalla, compañía, tem, bom, paseim, ancheram, vim, tamen, algun, trebom, servim, dixem, nen*, etc.

Nos restantes documentos escritos desta época media que revisei detectei diversas tentativas de representación gráfica, entre as cales xa se encontra *nh*. Na *Relazón da carta executoria* conviven tres: *algua, uma, una*²⁴. Creo que formas como *algua*, á parte de lle deberen seguramente bastante á antiga tradición medieval, poden delata-la percepción de que entre o *u* e o *a* hai unha especie de oclusión glotal. Para *uma* poderíase tal vez pensar nunha explicación igual ou semellante á que conxecturei para a observación de Sarmiento que máis arriba transcribín. *Una*, finalmente, parece deberlle bastante á lingua castelá; creo que se podería interpretar como un intento pouco afortunado de representa-la nasalidade da consoante: bótase man dun grafema xa coñecido, o do idioma oficial, pero bátese co grande problema de que iso leva case necesariamente a unha lectura con nasal alveolar, impropia do galego. *Una* é tamén, por certo, a representación habitual que vemos na copia seiscentista da *Historia de Iria* que se custodia na Biblioteca Vaticana.

Nunha das cartas ó conde de Gondomar temos *uma*²⁵, pero desde as décimas de Martín Torrado parece comezar a estenderse xa *nh* (ou *n h*), como vemos no *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (con algún *umha* nos textos intencio-

²³ Como se sabe, en galego a nasal implosiva realízase normalmente como velar: é lóxico que o bieito tivese dela a mesma percepción en ámbalas posicións. Recórdese finalmente que na lingua medieval a consoante nasal implosiva, interior ou final de palabra, podía ser representada por *m*, por *n* ou por un til de nasalidade colocado sobre a vocal precedente; pouco e pouco o galego, seguramente por ter nasal velar nesa posición, foise decidindo pola representación con *-n* en posición final de palabra, mentres que na interior sucedía o mesmo, incluso ante *p* e *b*, pois as grafías *-mp-* e *-mb-* tardaron en triunfar.

²⁴ En posición final de palabra, na *Relazón* emprégase *-n* practicamente sempre: *venderon, Capitán, justificaçon, matavan, Piquín, quedaron, raçon, un*, etc.; as únicas excepcións, con *-m*, son *um* e *num*. Na implosiva medial só atopamos *-n-* cando non segue *-p-* ou *-b-*: *invidia, vendido, oytenta, andando, nobremente*, etc. Ante *-p-* ou *-b-* predomina *-m-*: *competían, Dizembre, emparentado, embiaron, embar, de xempro*; sen embargo, tamén pode aparecer *-n-*: *Sonanbas*.

²⁵ Neste texto, a nasal implosiva represéntase normalmente por *-n*, mesmo en posición interior ante *-p-*: *dezeren, yrman, Costanssa, consolaçon, onrrar, cumprida, senpre*, etc.

nalmente escritos en portugués), nos poemas galegos das *Festas Minervais*, na glosa de Plácido Feijoo, na obra do cura de Fruíme e na de Sobreira (este, con algunha variante: *alguas, algua, una*)²⁶. Tamén aparece *unha* na *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores*, pero é algo máis frecuente *ua*.

Sarmiento, como xa vimos, decántase a favor das grafías *m-h*, *m h* e *mh* no *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos: um-ha, um ha, umha*. A terceira das indicadas é a menos común. Nunha ocasión, tal vez por un erro de atención acaso imputable ó copista do manuscrito da Biblioteca Nacional de Madrid, contravéñense as normas polas que para estas grafías se guiaba Sarmiento, pois lemos *algun-has*.

Creo que os dígrafos *m-h*, *m h*, *n-h* e *n h*, con separación entre ámbalas letras ou con trazo interposto, poden responder a un desexo de representar unha posible percepción da nasal velar como consoante implosiva, non formando sílaba co *-a*. Hoxe parece tenderse a pensar que esta nasal ocupa a posición explosiva²⁷, pero é evidente que, se a discusión sobre o carácter implosivo ou explosivo desta consoante chegou ata a actualidade e segue acesa, non debe estrañarnos que bastantes escritores percibisen a nasal velar como implosiva *e*, no desexo de reflectiren isto claramente na escrita, decidisen indicar un corte silábico mediante dígrafos como *m-h*, *m h*, *n-h* e *n h*. A meu entender, máis alá da discusión sobre se a nasal velar en posición interior vai en posición implosiva ou explosiva, o que se pode dicir con certeza é que este tipo de dígrafos (como tamén o que acabaría triunfando, *nh*) naceron do desexo de marcar graficamente unha fronteira silábica.

Por outra banda, creo necesario salientar que no tocante á representación gráfica da consoante nasal velar a vontade de experimentación autónoma dos nosos primeiros escritores modernos acabou triunfando sobre as forzas representadas pola tradición ou polos modelos ofrecidos polo castelán e o portugués. No caso que nos ocupa impúxose finalmente a solución que máis conviña ás características fonolóxicas do galego sen que nin do castelán nin do portugués, idiomas carentes de fonema nasal velar, se chegasen a tomar grafías que a nosoutros non nos conviñan. E é que, en contra do que non raramente se pensa, as tendencias

26 Noia (1991, 148-149) sinala a presenza deste dígrafo *-nh-* na transcripción duns Protocolos Capitulares da Catedral de Tui de entre 1328 e finais do século xv. Esta transcripción foi feita no século xviii. Á parte, na p. 149, n. 12 do mesmo traballo, Noia informa de que *unha* se rexistra tamén na *Historia Gótica de Don Servando*, «un texto supostamente escrito no século xvii» que trata de reproducir a lingua medieval pero cargándoa de castelanismos, hiperenxebrismos e formas inventadas. Sobre este cronicón véxanse Noia (1979) e Pensado (1985b).

27 Álvarez, Regueira & Monteagudo (1986, 33) advirten de que, «en contra dunha opinión moi estendida, /ŋ/ en posición intervocálica interior de palabra non é implosivo, senón explosivo; a segmentación silábica de *ningunha* é de *nin-gu-nha*, e por esta razón na escritura, en final de liña, se parte deixando os dous elementos do dígrafo na ringleira seguinte».

para a elaboración dunha norma escrita autónoma, autoxerada, libre de seguidismos acrílicos, parten xa dos pioneiros da nosa tradición literaria moderna.

3.7. REPRESENTACIÓN DO ENCONTRO DA PREPOSICIÓN A CO ARTIGO DETERMINADO O(S)

A reflexión máis completa que sobre este particular se fixo durante esta época débemoslla novamente ó Padre Sarmiento:

Aô síncope de ad ille. Cuando en gallego se quiere significar *ad* sólo se escribe *á*, v.g.: *vay á jantar, vay á cabar*, etc. Cuando al *ad* se añade artículo, v.g., en castellano «vete a la plaza», «vete a la taberna», «vete al estudio», «vete al campo», etc. (es cierto que en masculino y neutro es *ad illum* y en femenino *ad illam*) uno y otro se sincopa en gallego, el femenino por *aâ* y *â*, y lo otro por *aô*, *ô*; v.g.: *ad illum campum: a illo campo: a lo campo*, y, perdida la L, *aô campo*, y sincopando más, *ô campo: vay ô campo*. Item *ad illam tabernam: a ila taberna: a la taberna: a â taberna*, y sincopando más, *â taberna*.

Esta contracción, *aô* y *aâ*, es difícil que la pronuncie bien el que no fuere gallego; y si se aumenta la contracción en *ô* y en *â* se pronunciará bien; pero causará equivocación dudando si *a* es *ad*, si es el artículo *illa*, o si es *ad illa*; por lo que será del caso escribir *á* cuando es por sólo *ad*, escribir *â* cuando es por solo *illa*, y cuando es por *ad illa* escribir siempre *aâ*, y en masculino *aô*, pero las dos vocales se han de pronunciar como diptongo, entre *a* y *o*. Y así QUE VAY AO RIVEIRO, sólo tiene seis sílabas, v.g.: «*que-vay-ao-Ri-vei-ro*» (Sarmiento 1970: 163).

Sarmiento di que «si se aumenta la contracción en *ô* y en *â* se pronunciará bien» e que «las dos vocales [de *aô*] se han de pronunciar como diptongo, entre *a* y *o*». Así, pois, que el decida escribir *aô* é unha disposición meramente ortográfica que, se por unha banda ten un claro valor diacrítico pois permite diferenciar graficamente a contracción *a + o(s)* do artigo masculino *o(s)*²⁸, seguramente tamén se debe atribuír, cando menos en parte, ás súas preferencias pola escritura etimolóxica ou o máis fiel posible á etimoloxía. El mesmo recoñece tacitamente que a representación que propón non é a foneticamente esperable, xa que se lle impón

28 Recórdese que no texto anteriormente transcrito advertía de que non obrar así «causará equivocación».

advertir que a lectura de *aô* debe ser con *o* aberto e non /'ao/ nin /au/. E, de feito, no texto das coplas do *Coloquio de vintecatros galegos rústicos*, xunto ós constantes *ao(s)* e ocasionais *aô*, escapáronselle (a el ou ós seus copistas) algunhas representacións «foneticistas» desta contracción: *ò* (712.2), *ó* (899.3, 899.4, 1104.4, 1194.3), *ô* (46.3, 66.2).

O padre Sobreira, na súa *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, propoñía que a contracción da preposición *a* e o artigo *o*, que formaban o que el denominaba «diptongo tácito», se representase sempre cun acento circunflexo (véxase Sobreira 1974b, 210). Así e todo, debo dicir que realmente el non representaba con *ô* a contracción da preposición *a* e o artigo *o*, senón que o facía habitualmente con *ó*: *ós portos* (Sobreira 1974a, 260), *foy ó mar* (Sobreira 1974a, 260), *ó carballo caylle a folla / ó castiñeyro ò ourizo* (Sobreira 1974a, 261), *say a curuxa ó seu souto* (Sobreira 1974a, 266), etc. É xustamente isto o que escribiu nunha das súas *Papeletas*:

O. Art. masc. y neutro, sincopado de la preposición A, y del art. O. Tiene acento abierto, antepónese a los nombres, y señala el término de la acción del verbo, como: *vou ó río, veño ó muiño, castiguen ó rapaz* (Sobreira 1979, 451).

En todo caso, máis alá destas leves contradicións que simplemente afectan ó uso ou non dun tipo de tiles ou outro, queda claro que o Padre Sobreira era, contra o parecer de Sarmiento, partidario de representacións foneticistas para esta contracción.

En realidade a pugna entre *ao* e *ó* víñase arrastrando desde os primeiros textos da época que estudiamos, e non é raro que os dous tipos de representación convivan na obra dun mesmo autor ou incluso nun mesmo texto, sexa este manuscrito ou impreso. Nas cartas a Gondomar temos fundamentalmente *ao(s)* ou *a o(s)*, pero tamén un caso de *os* («yndo *os* coellos as insuas»); no soneto de Gómez Tonel lemos *ao*; nas décimas de Martín Torrado temos *o* catro veces e *a o* unha vez; na copia seiscentista da *Historia de Iria* é clara a supremacía das representacións históricas *ao(s)*, *a o(s)* e *a ó*, pero non é desdeñable o número de ocorrencias das representacións de carácter foneticista que se rexistran: en primeiro lugar *ô*, a máis frecuente, seguida de *o* e as xa moi esporádicas *ó* e *o o*; no *Entre-més famoso* só hai *o*; na *Relazón* predomina con claridade *o(s)* e só nunha ocasión se prefire *a o*; nos romances galegos das *Festas Minervais* o máis común é *o(s)* ou *ò(s)*, mentres que os *ao*, *à ò*, *a o* e *à os* non poden considerarse senón esporádicos; Noguerol alterna equilibradamente *ò*, *os* e *à ò*; na glosa de Plácido Feijoo hai un *ò* («cando *ò* Sacerdote viron», v. 24) que puidera ser simplemente artigo ó construírse o complemento directo sen preposición *a* e un *os*; o cura de Fruíme non tiña opinión firme ó respecto pois tanto escribe *ó(s)* ou *ò* coma *ao*, *á ó* ou *à os*; por

último, na *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores*, seguramente por se tratar dun texto pretendidamente antigo, hai preferencia por *à ò*, *à o*, *á os*, *à os* ou *a os*, mentres que son menores as porcentaxes de *ò* e *os*.

Realmente, non se pode dicir que o uso da representación foneticista vaia avanzando conforme vai avanzando o tempo, pois máis ben progresa ou retrocede dependendo do gusto de cada un dos autores. Tampouco se pode afirmar sen máis, salvando excepcións coma as do copista seiscentista da *Historia de Iria*, os transcritores da *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores* ou o Padre Sarmiento, que o emprego de *ao* obedeza ó peso da historia ou da tradición, pois estou convencido de que máis dun descoñecería realmente a nosa tradición escrita medieval. En moitos casos coido máis ben que a preferencia por *ao* respondería máis ben a unha intención analítica que pretendería diseccionar e deixar patente no papel cales son os elementos da contracción; esta vontade analítica é especialmente transparente naqueles casos en que se optou pola forma *a o*. Finalmente, para Martín Sarmiento *ao(s)* tiña un valor diacrítico fronte ó artigo *o(s)*.

4. CONCLUSIÓNS

Creo que a análise das sete cuestións seleccionadas permite alomenos entrever que a ortografía dos textos do galego medio se debate entre o respecto ós modelos ofrecidos pola nosa tradición escrita medieval, polo latín, polo portugués e polo castelán e unhas doses non desdeñables de autonomía, é dicir, de libre experimentación e busca daqueles recursos gráficos que máis lles acaían ás características fonolóxicas exclusivas do noso idioma.

O sentimento de respecto á tradición escrita medieval operou sen dúbida en escritores que, coma Sarmiento ou Cornide, eran bos coñecedores dela e contemplávana como unha referencia que cumpría ter en conta case sempre, e especialmente nos casos máis delicados. Velaí, por exemplo, a proposta do bieito pontevedrés para que se empregasen os dígrafos *mh*, *m h* ou *m-h* para representala consoante nasal velar en posición medial explosiva, argumentando que esas eran, entre outras, as solucións que se vían nos instrumentos medievais; velaí tamén o seu uso de *-m* alternando con *-n* en posición final de palabra. A atracción exercida pola grafía dos textos antigos é particularmente patente na *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores*, na que, por exemplo, se manteñen os dígrafos *lh* e *nh* que aparecían no orixinal.

A forza da tradición transmitida ano a ano, século a século, seguramente se aliou ó modelo fornecido polas normas castelá e portuguesa en casos coma o do mantemento en precario da grafía *-ss-*. A miúdo observarían os nosos escritores

que unha grafía tradicional e histórica en galego era ó mesmo tempo tradicional ou histórica en castelán e en portugués. Ademais, en certos aspectos de importancia (neutralización da oposición b/β, desonorización no subsistema de sibilantes, interdentalización da fricativa predorsal, etc.) o desenvolvemento do sistema fonolóxico galego correu parello co do castelán, o que sen dúbida favoreceu a imitación ó facela menos custosa, menos arbitraria²⁹. Ó cabo, entre o galego, o portugués e o castelán non existían daquela, como en boa medida non existen hoxe, abismos infranqueables que impedisen este e outro tipo de trasvases.

Por outra banda, a desorientación que de certo causaba a decisión de seguir utilizando grafemas históricos que foran quedando obsoletos debido ó desenvolvemento experimentado polo sistema fonolóxico en varios dos seus puntos tratou de reducila Frei Martín Sarmiento apelando á etimoloxía; falo, claro está, de problemas coma o da representación das consoantes oclusiva bilabial sonora e fricativa prepalatal xorda. E non estará de máis recordar de novo que Frei Martín cita frecuentemente as obras dos portugueses Bento Pereira e Rafael Bluteau, especialmente a do segundo; pois ben, estes dous lexicógrafos e ortógrafos de Portugal camiñan xa decididamente polo vieiro etimoloxizante ou pseudoetimoloxizante que no século XVIII acabará levando ata a obra de João de Morais Madureira Feijó, máximo valedor desta postura ortográfica no campo da lingua portuguesa (véxase Gonçalves 1992, 45)³⁰.

Do portugués botaron man especialmente Sarmiento e Cornide, anque non coa constancia e sistematicidade esixibles nestas materias. Pénsese, por exemplo, no sistema de acentuación proposto polo primeiro no inicio do comento do seu *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* e quizais tamén na súa decantación a prol de dígrafos con *m* no caso da representación da consoante nasal velar en posición medial; pénsese, así mesmo, no uso ocasional de *-m* que fixo Cornide no seu *Catálogo*; e non se esquezan, finalmente, os esporádicos *lh* e *nh* que vemos nas obras de ambos. O portugués, certamente, foi unha das referencias que á hora de forxaren unha ortografía galega tiveron en conta homes coma Sarmiento e Cornide, que de todas formas non fixeron dela, nin moito menos, un elemento fundamental nesta materia. Todo o contrario debe dicirse de dona Isabel de Castro e Andrade, autora do soneto a Alonso de Ercilla que aparece nos preliminares da terceira

29 Por outra banda, a imitación ás veces acrítica da ortografía castelá non foi característica exclusiva da ortografía galega daquela época, pois tamén se deu, e especialmente durante o século XVIII, en catalán. A este respecto véxase Segarra (1985, 13-129).

30 Lapesa (1981, 421-424) sinala que na España do século XVIII imperaba certo «cultismo latinizante» que a RAE só combateu pouquiño a pouco, cunha reforma realizada por etapas; pénsese, por non citar máis ca dúas cuestións, que ata 1763 non se suprimiu a oposición entre *-ss-* e *-s-* e que en 1726 se decidiu reservar para *u* o valor vocálico e asentarse sobre bases etimolóxicas unha oposición gráfica entre *b* e *v*.

edición de *La Araucana*, e máis de Diego das Achas e Petán, que remite dúas cartas ó conde Gondomar nos inicios do século XVII.

Os dous escriben directamente en portugués, se ben o segundo o fixo con máis intención ca coñecemento.

Verbo da lingua do poema de Isabel de Castro convén recorda-las seguintes palabras de Pensado (1989: 185):

Outro tipo de galego literario escrito, tamén pouco representado, pero de estilo serio, é o que nos ofrece nos literatos o mesmo comportamento que os iliteratos ou analfabetos adoitaban en Castela ó tratar de pasar por portugueses: o complexo de ocultamento ou auto-destrución da fala cotiá actuaba en toda a sociedade, culta ou inculta, agachaándose baixo o portugués.

No mesmo sentido se expresaba o profesor Pensado nun artigo seu anterior, se ben daquela se refería non a este soneto, senón ó aportuguesamento das cartas de don Diego das Achas e Petán ó conde de Gondomar. Para el, este aportuguesamento

es fruto de la deserción de los letrados ante el gallego, la lengua del pueblo más deprimido y miserable de la Península Ibérica. Pocos se sienten solidarios con su lengua, ya que uno y otra corren parejas. La inferioridad social de los hablantes se aplica a su lenguaje, de ahí que traten de huirla y por dos vías: la castellana, la más usual, o la portuguesa, más rara pero no desconocida [...]. Este aportuguesamiento del gallego es una simple fuga al sentirse avergonzados de su habla vernácula. Arrimada, disfrazada de portugués le parece más disculpable (Pensado 1985a: 22).

Creo interpretar correctamente o pensamento do Pensado se engado que o mesmo comentario se podería aplicar tamén ó autor do chamado *Soneto de Monterrei* (ca. 1535), se é que efectivamente foi galego.

Coido que o complexo do que se fala nas citas anteriores debeu de influír en maior ou menor medida —segundo os casos— no intento de achega-la ortografía galega á portuguesa ou mesmo de identificala con ela. Pero creo que tamén hai que sopesar outros factores. En primeiro lugar, non se debe desdeña-la posibilidade de que houbera escritores que, ante a inexistencia dun patrón literario galego, optasen por escribir nunha lingua especialmente próxima que xa daquela comezaba a ter unha norma culta clara, que desde o século XVI empezaba a con-

tar con diversas gramáticas e na que se producía unha literatura que xa se estaba consolidando nacional e internacionalmente. Para o caso de textos impresos coma o da condesa de Altamira tamén hai que pensar que por unha simple cuestión de hábitos adquiridos para os editores e impresores daquel tempo sería máis cómodo publicar en portugués ca en galego, máxime cando Portugal estaba entón (1589) integrado na Coroa de Castela. Á parte, no caso de dona Isabel de Castro e Andrade hai que ter presente un factor persoal de primeira magnitude; refírome ás súas directísimas relacións de parentesco con portugueses, pois de Portugal foron o seu avó paterno, varios dos seus tíos e mailo seu xenro. Isabel de Castaña, pois, moita intimidade coa lingua portuguesa, polo que non pode estrañar que a empregase algunha vez na súa creación poética³¹. Así, pois, en diversa medida e con distinta fortuna segundo os casos e a competencia de cada un, o portugués funcionou xa naquel tempo como unha referencia para a ortografía galega. Mais fronte ó portugués, fronte ó castelán, fronte ó latín e fronte á tradición escrita que viña da Idade Media alzouse en non poucos casos a autonomía creadora dos nosos escritores modernos. Velaí o inicio no primeiro tercio do século XVII da marcha triunfante do dígrafo *nh* como representante da consoante nasal velar en posición explosiva medial de palabra; velaí tamén a aposta do cura de Fruíme ou do seu editor madrileño de 1778, que por primeira vez utilizan unicamente o grafema *x* para dar conta da consoante fricativa prepalatal xorda; velaí, finalmente, a irrupción definitiva das grafías foneticistas á hora de plasmar na escrita a contracción da preposición *A* co artigo determinado *O(S)*, á que asistimos tamén nesta época do que chamo *galego medio*. Decisións, comportamentos coma estes demostran que en xeral os escritores dos chamados séculos escuros

31 A este respecto, imponse volver a le-las palabras que xa en 1916 estampara Carré (1916, 109): «Por su ortografía parece el soneto estar escrito en portugués más que en gallego, aun cuando este detalle nada signifique porque esté en una u otra lengua, pertenecerá siempre a nuestra literatura regional. No debe, tampoco, ser causa de extrañeza que la forma sea exclusivamente lusitana. Hijo de portugués el padre de D.^a Isabel, debió ésta pasar temporadas, más o menos largas, en casa de sus deudos del país hermano y teniendo tías, y hasta una hija, casadas con portugueses, natural es que D.^a Isabel adaptase para su escrito la ortografía y genio de una lengua que, aparte de serle familiar, era análoga a la de los suyos, porque entonces el gallego, si bien más hablado que escrito, venía a ser lo mismo, salvo las diferencias ortográficas, que el idioma portugués». [...] «Si llegara a darse, por una afortunada casualidad, con las otras poesías gallegas que dicen escribió D.^a Isabel, podría venirse así en conocimiento cierto de si fue la autora quien empleó la ortografía lusitana o si fue adoptada por el impresor para ajustar la composición del soneto al patrón portugués, por serle desconocido el gallego y por formar entonces parte de la monarquía castellana el reino lusitano». No segundo parágrafo transcrito Carré alude a certas noticias dadas por Pérez (1891/1892, 137), quen comunica que atopou na sala de manuscritos da Biblioteca Nacional de Madrid unha colección de versos casteláns e galegos que esta condesa de Altamira escribira desde noviña. Infelizmente, o señor Pérez de Guzmán non anotou correctamente a signatura, polo que, cando quixo recuperala, non puido volver a atopala dita colección de versos.

non actuaron sempre como receptores pasivos de tradicións ortográficas obsoletas ou alleas no proceso de elaboración espontánea do *standard* galego moderno.

Para rematar non estará de máis chama-la atención sobre algo que realmente é unha constante de todo o galego escrito desde as orixes da lingua ata practicamente hoxe mesmo. Refírome ó polimorfismo, á falta de coherencia interna que caracteriza os textos analizados e que en absoluto se ve reducida pola actuación da imprenta. A carencia de toda instancia normativa e de calquera tipo de planificación do corpus lingüístico impediu ata o día de hoxe que a escrita galega comezase a camiñar por vieiros de rigor e sistematicidade.

REFERENCIAS

- Álvarez Blanco, R.; Rigueira, X. L. & Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega*, Galaxia, Vigo.
- Carré Aldao, E. (1916): «De nuestro pasado literario. Una poetisa gallega del siglo XVI (Dona Isabel de Castro y Andrade, condesa de Altamira)», *Boletín de la Real Academia Gallega*, 110, 39-42; 111, 73-77; 112, 105-110.
- Cernadas y Castro, D. A. (1778): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime, D. ..., natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos, D. Joachin Ibarra, Impresor de Cámara de S. M., Madrid.
- Clarín de la Fama y Cithara de Apolo, El. Con métricos rasgos a la Reales Fiestas, que en el felicísimo nacimiento de el Principe N. Señor D. Luis Jacobo primero el Deseado executó la esclarecida y nobilísima, y muy leal Ciudad de Orense... en Santiago*, en la Imprenta de Antonio de Aldemunde, Año de 1708 (Biblioteca do Mosteiro de Poio, R.S. 36/5/33-34).
- Ercilla y Çuñiga, Alonso de (1589): *Tercera | parte de La | Araucana de don —, | Cauallero dela orden de Santiago, gentil/hombre de la camara dela Magestad | del Emperador*, en casa de Pedro Madrigal, Madrid.
- Ferreiro, M. (1994): «Contribución á lexicografía histórica do galego: o vocabulario de Payzal», *Cadernos de Lingua* 9, 55-88.
- Fiestas Minervales y aclamacion perpetua de las Musas, à la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentissimo Señor D. Alonso de Fonseca El Grande, Arzobispo de Toledo, y de Santiago, por sv Escuela, y Vniversidad, que afectuosamente las consagra, dedica, y ofrece, al Excelentissimo Señor Conde de Monte-Rey, su Protector, Valedor, y Mecenas: Por mano de el doctor D. Ioseph Varela y Vasadre, Retor de*

- dicha Vniversidad, y Prior de la Santa y Apostolica Iglesia de el Señor Santiago: Con acuerdo de el Claustro; y por su comision; de el Secretario, que obediente las descriue. Con licencia. En Santiago: Por Antonio Frayz. Año de 1697, Univer- sidade de Santiago, 1993. [Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Miner- vais Compostelanas de 1697* de X. Alonso Montero] [Con nove romances gale- gos entre as pp. 29-55].
- Gándara [y Ulloa], Fr. F. de la (s.a./1678): *El Cisne Occidental canta las palmas y triunfos de Galicia*, Julián de Paredes, Madrid.
- Gómez Tonel, J. (1951): *Relacion de las exequias que hizo la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reina D. Margarita de Austria, Nra. Senora*, Biblió- filos Gallegos, Santiago de Compostela [Edición facsímil con una Introduc- ción de Antonio Rey Soto].
- Gonçalves, M. F. (1992): *Madureira Feijó, Ortografista do Século XVIII. Para uma His- tória da Ortografia Portuguesa*, ICALP, Lisboa.
- Huerta y Vega, F. X. de la (1734-1735): *Anales de el Reyno de Galicia*, Imprenta de Ignacio Guerra, Santiago.
- Lapesa, R. (1981): *Historia de la lengua española*, 9.ª ed., Gredos, Madrid.
- López, A. (1916): «La grafía portuguesa», en *Estudios crítico-históricos de Galicia. Primera serie*, 106-109, El Eco Franciscano, Santiago de Compostela.
- Martínez Barbeito, C. (1956): «Don José Cornide y su *Catálogo de palabras galle- gas*», en *Boletín de la Real Academia Gallega*, 27, 291-349.
- Monteagudo Romero, X. H. (no prelo): «Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: 'Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores'», in Lorenzo, R. & Álvarez Blanco, R. (eds.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Murguía, M. M. (1910): «Don José Cornide y sus versos en gallego», en *Boletín de la Real Academia Gallega*, 10, 162-169; e 179-182.
- Noia Campos, C. (1979): «Notas sobre Seguino, autoridade citada no diccionario de Rodríguez», en *Grial* 64, 237-239.
- (1991): «Aspectos gráficos e lingüísticos na transcripción do século XVIII duns documentos medievais», en Brea, M. & Fernández Rei, F. (coords.), *Home- naxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, pp. 145-153, Universidade de San- tiago de Compostela.
- Pensado, J. L. (1970): «Estudio preliminar», en Fr. M. Sarmiento (1970): *Colección de voces y frases gallegas*, Universidad de Salamanca [Edición e estudio por J. L. Pensado].

- Pensado, J. L. (1973): «Estudio preliminar», en Fr. M. Sarmiento (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Universidad de Salamanca [Edición e estudio por J. L. Pensado].
- (1985a): «Las cartas gallegas a Gondomar», en *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, 17-22, La Voz de Galicia, A Coruña.
- (1985b): «Invasiones y evasions del gallego», en *El gallego, Galicia y los galle- gos a través de los tiempos*, 23-36, La Voz de Galicia, A Coruña.
- (1989): «O galego no século da Ilustración», *Grial*, 102, 183-198.
- Pérez de Guzmán, J. (1891/1892): *Cancionero de la Rosa*, vol. I, Colección de Escri- tores Castellanos, Madrid.
- Rioboo y Seixas, A. (1747): *Analysis Historica-Chronologica de la primitiva Ereccion, progressos y diversas reedificaciones de la Santa Iglesia de Santiago*, por su autor, el Lcdo. Don Antonio Rioboo y Seixas, Presbytero, Graduado en Derechos por la Universidad de Santiago, Predicador con licencia general, y perpetua de este Arzobispado, y Visitador General Titular, que hà sido de el Obispa- do de Tarazona. Con Licencia. Imprenta de D. Andres Fraiz, Impresor de la Santa Inquisicion, Santiago.
- Saavedra Rivadeneyra y Aguiar Pardo de Figueroa, Fernando de (1674): *Memorial/ al Rey N. Señor,/ en que se recopila, adiciona y representa/ quanto los Cronis- tas, y otros autores han escrito, y consta por instrumentos,/ del origen, y antigüe- dad, descendencia, y sucesión, lustre/ y servicios/ de la casa de Saavedra,/ y de identidad, y permanencia de su primitivo/Solar, y estados en el reyno de Galicia,/ y de la linea primogénita, recta y troncal de varon / de sus Posseedores, Cabe,cas, y Parientes mayores, continuada desde los/ primeros siglos de su mas antigua fun- dación, hasta/ el presente. / Por don —,/ sucesor, y actual poseedor della*, Año de/ 1674. Con licencia: Imprenta Real de Francisco de Ochoa, en la Calle de Abenamar, Granada.
- Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catho- lica acciòn, de aver ido acompanando sus magestades al SSmo. Sacramento, que iba a darse por Viatico à una Enferma, el día 28 de noviembre de 1722. Cantaron los mejores cisnes de España... 1723.* Imprenta de Juan de Ariztia, Madrid.
- Sarmiento, Fr. M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*, Universidad de Sala- manca [Edición e estudio por J. L. Pensado].
- (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Universidad de Salamanca [Edición e estudio por J. L. Pensado].
- Segarra, M. (1985): *Història de l'ortografia catalana*, Empúries, Barcelona.

- Sobreira, Fr. J (1974a): *Ensayo para la historia general botánica de Galicia*, in J. L. Pensado (ed.), *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, 221-267, Galaxia, Vigo.
- (1974b) *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, in J. L. Pensado (ed.), *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, 185-219, Galaxia, Vigo.
- (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*, I, Texto, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijóo», Ourense [Edición e estudio crítico por J. L. Pensado].
- Tobío, L. (1973): «Gondomar e o galego», *Grial*, 40, 133-144.
- (1977): «Outras dúas cartas en galego a Gondomar», *Grial*, 57, 366-367.